



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA DEZASETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL NOVE.

NÚM. 9/2009

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u>	
ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do día dezasete de setembro de 2009, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
CONCELLEIROS D ^a Ana A. Incera Ares. D ^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. Ángel Cao Pérez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D ^a . María Xosefa Alonso Otero.	
<u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.	
SECRETARIA D. M ^a Carmen Seoane Bouzas.	
<u>NON ASISTE</u> D. José María Basanta Morán.	

1. – APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25-06-2009.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 30 de xullo de 2009 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Toma a palabra o portavoz do PP, quen manifesta que, no punto catro da acta aparece que o PP votou en contra e realmente se abstivo.

A continuación o portavoz do BNG fai as seguintes correccións:

- Na páxina 5, parágrafo 8, que en lugar de “procedemento de embargo” se recolla “procedemento de cobro”.
- Na páxina 7, parágrafo 5, en lugar de “o portavoz do BNG manifesta que eles votarán en contra porque están a favor da conxelación das taxas, e así hai concordancia con eso” que se recolla “o portavoz do BNG manifesta que eles votarán en contra porque xa aprobaran a conxelación das taxas, e así hai concordancia con eso”.
- No rogo 4 formulado polo BNG que se engada “aparcamento”, de forma



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

que o rogo quede redactado da seguinte forma: “Pide que se arranxen unhas baldosas que están soltas no aparcamento do Leitón”.

Non producíndose máis intervencións, queda aprobada por unanimidade a acta da citada sesión coas correccións realizadas, ordeando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- DACIÓN DE CONTA DA INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE FOZ NA ESTRUCTURA PROVINCIAL DA UNED-LUGO.

Dáse conta do escrito da UNED de Lugo, recibido o 9 de setembro de 2009, no que se recolle a acta de nova adscrición da Aula Universitaria da UNED en Foz ao Centro Asociado da UNED de Lugo, quedando enterados os Sres. Concelleiros.

3.- DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE VAIA DE PROTECCIÓN NA ÁREA RECREATIVA DA PARROQUIA DE FAZOURO.

Dáse conta do escrito remitido Polo Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, con data 12 de agosto de 2009, no que se comunica que se vai proceder a executar as obras de instalación dunha vaia de protección na área recreativa na Parroquia de Fazouro, quedando enterados os Sres. Concelleiros.

4.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O BONO SOCIAL DA TARIFA ELÉCTRICA.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 11 de setembro de 2009, en relación coa moción do BNG sobre o bono social da tarifa eléctrica.

Toma a palabra o portavoz do BNG que explica os puntos fundamentais da moción.

A continuación o Sr. Alcalde lle di ao Sr. González Basanta que pensa que ven cunha moción dunha cousa que xa está implantada e que funciona ben, quizais sexa rizar o rizo, e pode crear confusión e se pense que hai outro bono, porque iso xa leva funcionando ben dous anos, pero votarán a favor.

O portavoz do PP manifesta que o seu grupo votou a favor na Comisión Informativa, pero xa a Consellería de Industria tomou accións neste senso, pero pensan que canta máis información se dea ao cidadán mellor, polo que votarán a favor.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO. – Instar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía a adoptaren as medidas necesarias que garantan a extensión a todos os beneficiarios do bono social, e a súa aplicación efectiva nos prazos establecidos pola normativa vixente.

SEGUNDO. – Instar ás Consellerías de Tránsito e Benestar, e de Economía e Industria, e ao Instituto Galego de Consumo a poren en marcha, de xeito urxente, Planos de Comunicación, Información e Asesoramento sobre as últimas modificacións no sistema de tarifas eléctricas e da aplicación do bono social, orientadas tanto á poboación en xeral como especificamente aos potenciais beneficiarios.

TERCEIRO.- Ofrecer un servizo de información, asesoramento e colaboración na tramitación da solicitude do bono social, por parte do Concello de Foz, onde se facilite ademais dun xeito áxil toda documentación acreditativa que o beneficiario deba obter do concello.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

5.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 11 de setembro de 2009, en relación coa moción do BNG sobre a recollida de residuos voluminosos.

Toma a palabra o portavoz do BNG que explica os puntos fundamentais da moción.

O Sr. Alcalde lle cede a palabra á Sra. Incera, Concelleira de Medio Ambiente, quen explica que agora o custo da recollida elevouse a máis do dobre e o que ten que facer a Xunta é buscar unha solución, pero non afogar máis aos Concellos, polo que o seu grupo está completamente de acordo coa petición do BNG.

O portavoz do PP explica que teñen constancia de que xa hai negociacións entre a Consellería de Medio Ambiente e a FEGAMP para solucionar o tema, o seu grupo está a favor de que non lle custe máis ao Concello do que lle viña custando. Recorda que a postura do seu grupo sempre foi nese senso, xa que as arcas dos Concellos cada vez son menores e as competencias maiores. Conclúe anunciando que van a votar a favor.

A Sra. Incera lle pregunta ao portavoz do PP, partindo de que a recollida de voluminosos e puntos limpos non son rentables, que fan os Concellos; xa que se hai algunha solución lle gustaría coñecela.

O Sr. Cao lle responde que ese non é o momento para falar de alternativas e si se creou un servizo e a responsabilidade é da Consellería, terá que solventalo, porque agora eses puntos limpos non poderán desaparecer dun golpe. Di que non sabe as alternativas, pero para iso xa están os técnicos.

A Sra. Incera engade que se trata dun servizo necesario e imprescindible.

Unha vez rematado o debate procédese á votación, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

Primeiro. – Instar á Xunta de Galiza e á Sociedade de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipio adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente.

Segundo. – No seu defecto, instar á Xunta de Galiza a que aporte unha solución alternativa e viábel, que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados.

6.- FIXACIÓN DE FESTAS LOCAIS 2010.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 11 de setembro de 2009, en relación coa fixación das festas locais.

Non habendo intervencións, procédese á votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro. – Fixar coma días festivos locais para o ano 2010 os seguintes:

- O 16 de xullo de 2010, venres, festividade da Virxe do Carne.
- O 10 de agosto de 2010, martes, festividade de San Lourenzo.

Segundo. – Dar traslado do presente acordo ao Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

7.- EXPEDIENTE Nº 22/2009 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2009.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Contas, Economía e Facenda, de data 11 de setembro de 2009, en relación ao expediente nº 22/2009 da modificación de créditos.

Non habendo intervencións, procédese á votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 22 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2009 por importe de cincuenta e tres mil euros (53.000,00 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición que provén da liquidación do orzamento do exercicio precedente, de acordo co seguinte:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
222.151	Seguridade. Gratificacións por servizos extraordinarios	0,00	5.000,00	5.000,00
313.130	Acción social. Retribucións persoal laboral fixo	96.100,00	4.500,00	100.600,00
313.16001	Acción social. Seguridade social persoal laboral	31.000,00	1.000,00	32.000,00
321.130	Promoción educativa. Retribucións persoal laboral fixo	24.200,00	1.000,00	25.200,00
442.130	Recollida de lixo e limpeza viaria. Retribucións persoal laboral fixo	224.100,00	10.500,00	234.600,00
442.141	Recollida de lixo e limpeza viaria. Retribucións outro persoal	0,00	9.475,00	9.475,00
442.16001	Recollida de lixo e limpeza viaria. Seguridade social persoal laboral	66.000,00	15.000,00	81.000,00
442.16002	Recollida de lixo e limpeza viaria. Seguridade social outro persoal	0,00	4.525,00	4.525,00
451.130	Cultura. Retribucións persoal laboral fixo	135.000,00	3.000,00	138.000,00
452.130	Deporte. Retribucións persoal laboral fixo	14.500,00	2.000,00	16.500,00
463.130	Comunicación social e participación cidadá. Retribucións persoal laboral fixo	24.200,00	1.000,00	25.200,00
611.120	Administración financeira. Retribucións básicas	75.000,00	2.000,00	77.000,00
Total expediente de modificación de créditos 22/2009				58.000,00

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
870.00	Remanente de Tesourería para financiar créditos extraordinarios	115.094,34	19.000,00	134.094,34
870.01	Remanente de Tesourería para financiar suplementos	621,30	39.000,00	39.621,30



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

	de crédito			
Total financiamento expediente de modificación de créditos 22/2009				58.000,00

SEGUNDO. - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

8.- EXPEDIENTE Nº 23/2009 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2009.

Pola Secretaria da Corporación da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, de data 11 de setembro de 2009, en relación ao expediente nº 23/2009 da modificación de créditos.

Toma a palabra o portavoz do BNG que explica a abstención do seu grupo, xa que hai que modificar as bases de execución, e que non defenden este sistema para conceder subvencións, si non que defenden facer unhas bases, pero non van a deixar que as asociacións deixen de obter diñeiro.

Intervén o Sr. Cancio que di que non é que sexa o seu modelo se non que é o modelo que está pactado con tódalas asociacións.

O portavoz do BNG lle replica que lles parece ben que chegaran a ese acordo, pero ese non é o modelo do BNG para conceder subvencións.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 PP).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 3 (BNG).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. – A aprobación do expediente de modificación orzamentaria número 23 de 2009 e, polo tanto a transferencia de crédito entre partidas de mesmo grupo de función, segundo se detalla na táboa que de seguido se reflicte:

AUMENTO DE CRÉDITO.

ESTADO DE GASTOS				
PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
451.22618	Cultura. Actuacións Casa de Cultura	30.000,00	13.300,00	43.300,00
Total expediente de modificación de créditos 23/2009				13.300,00



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

BAIXA POR TRANSFERENCIA

ESTADO DE GASTOS				
PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
451.489	Cultura. Outras transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro	26.500,00	-13.300,00	13.200,00
Total expediente de modificación de créditos 23/2009				-13.300,00

Segundo .- A modificación da base 48 das de execución do orzamento xeral prorrogado para o exercicio 2009 do Concello de Foz no relativo á supresión das subvencións nominativas previstas ás asociacións culturais, que serán as seguintes:

DENOMINACIÓN DO PERCEPTOR	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	CLASIFIC. FUNCIONAL	CLASIFIC. ECONÓMICA	CONTÍA €
Asociación cultural Coto do Faro	Gastos funcionamento	451	489	800,00
Asociación cultural O Castro de Vilaronte	Gastos funcionamento	451	489	800,00
Asociación folclórico cultural A Subela	Gastos funcionamento	451	489	800,00
Asociación folclórico cultural Riosmar	Gastos funcionamento	451	489	800,00
Agrupación cultural O Feitizo	Gastos funcionamento	451	489	800,00
Coral polifónica de Foz	Gastos funcionamento	451	489	1.500,00
Coro parroquial de Foz	Gastos funcionamento	451	489	400,00
Coro de Cangas	Gastos funcionamento	451	489	400,00
Coro de Cordido	Gastos funcionamento	451	489	400,00
Coro de San Acisclo	Gastos funcionamento	451	489	400,00
Banda de Música de Foz	Gastos funcionamento	451	489	3.000,00
Asociación cultural Adala	Gastos funcionamento	451	489	800,00
Asociación cultural A Pomba do Arco	Gastos funcionamento	451	489	800,00
Grupo de Teatro Os Castros	Gastos funcionamento	451	489	800,00
Rondalla Latexos	Gastos funcionamento	451	489	800,00

Terceiro.- O expediente impulsarase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

9.- EXPEDIENTE Nº 24/2009 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2009.

Pola Secretaria da Corporación da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Contas, Economía e Facenda, de data 11 de setembro de 2009, en relación ao expediente nº 24/2009 da modificación de créditos.

O Sr. Alcalde expresa que non comprende á Xunta que hai agora, porque é oscura, gris e actúa de noite e con premeditación e alevosía; xa que é imposible que os Concellos teñan que poñer diñeiro en tódalas subvencións que dan, non pode ser, así é mellor pechar o Concello e irse para a casa. Que dean unha cantidade e que deixen gastar esa cantidade.

O portavoz do PP di que iso sempre foi así, sempre se deron subvencións e os Concellos tiñan que poñer, en maior ou menor medida, unha cantidade. É evidente que se trata dun problema, pero non de agora, se non de sempre.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 24 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2009 por importe de sesenta e seis mil trescentos tres euros con oitenta céntimos (66.303,80 €), que se financia con anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, con dotacións que se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo de acordo coa seguinte proposta:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NÚMERO 24 DO ORZAMENTO XERAL 2009. CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
511.60116	VÍAS PÚBLICAS, PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS DA AVENIDA DA CONSTITUCIÓN	0,00	66.303,80	66.303,80
Total expediente de modificación de créditos 24/2009				66.303,80

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN. BAIXA DE CRÉDITO

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
432.68002	URBANISMO E ARQUITECTURA. ADQUISICIÓN DE TERREOS	576.325,09	-66.303,80	272.519,56
Total financiamento expediente de modificación de créditos 24/2009				-66.303,80

Segundo. - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentaran alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

10.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 28 DE XULLO AO 14 DE SETEMBRO DE 2009.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 28 de xullo ao 14 de setembro de 2009, quedando enterados os señores asistentes.

A continuación, antes de entrar no punto de mocións o Sr. Alcalde manifesta que quere poñer sobre a mesa un asunto sobre o que pediu explicacións o BNG, a contratación sobre o traballador Juan Antonio Fiallega. A continuación, lle pregunta á Sra. Rosa Alonso se quere abandonar a sesión mentres se fala do tema do seu esposo.

A Sra. Alonso contesta que non, que prefire estar presente.

O Sr. Alcalde di que pensou que se debía explicar no Pleno e non andar dando un espectáculo por aí. O procedemento se iniciou cando dous traballadores do Concello pediron a xubilación parcial que marca o Convenio Colectivo, e o 10 de xullo se fixo un informe sobre as funcións do Sr. Cazás e unha vez que se saben pola Alcaldía se asinan as bases, as cales están moi ben. O Sr. Alcalde procede a ler as bases reguladoras do proceso selectivo da praza de Oficial 1ª Obras e a explicar os trámites que levou o proceso selectivo. Pregunta onde está a manipulación que dixo o BNG das probas, se é todo legal, cal era o problema. Manifesta que ás veces se está xulgando ás persoas inxustamente.

O portavoz do BNG pregunta si poden intervir o vai falar el solo.

O Sr. Alcalde lle contesta que despois no turno de rogos e preguntas poderán preguntar sobre o tema.

O Sr. González Basanta lle replica que coma sempre, que esa é a súa democracia.

B.- MOCIÓNS.

O Sr. Alcalde presenta a seguinte moción de urxencia:

“A este Concello están a chegar continuamente moitas queixas por a nula actuación da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas nos traballos pendentes de rematar na estrada Foz-Ferreira do Valadouro, sobre todo, preocupa o que son a colocación das marquesiñas para o transporte escolar e de viaxeiros, debido a que o inverno está á porta e pode crear problemas serios.

Asimesmo é necesario rematar as aceras pendentes de construír, os accesos a casas e, algo moi importante e que pode producir un accidente grave, é o acceso ó barrio do Chao, na parroquia de Santa Cilla.

Por todo o exposto solicitamos o voto a favor desta Corporación para de unha vez por todas se arranxen estes problemas”.

A continuación se vota sobre a urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade.

Non habendo intervencións se procede á votación da moción, resultando aprobada por unanimidade, e introducindo que a moción se remita a Lugo e a Santiago.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O portavoz do PP realiza o seguinte rogo:

1) O contador de vidro no barrio de Cabanas en Nois está cheo.

O Sr. Alcalde toma nota.

O portavoz do BNG realiza os seguintes rogos:

1) A limpeza dos contedores.

O Sr. Alcalde di que o camión de lixo xa está limpo.

2) O alumeadado na Avda. de Sarria está descontrolado con respecto ao demais alumeadado.

O Sr. Alcalde di que iso igual é porque está sen regular.

O portavoz do BNG engade que ese será o problema.

3) Hai un problema de tráfico nas vivendas de La Paz, debíase regular o tráfico.

O Sr. Alcalde contesta que iso xa está regulado.

O portavoz do BNG lle replica que para el está todo feito.

O Sr. Alcalde anuncia que na Pontevella as obras comezan o martes, e tamén a ver se alí se saca a depuradora.

O Sr. Cancio toma a palabra para manifestar que antes de pasar ao turno de preguntas lle gustaría dar unha información dun compromiso que adquiriu no anterior Pleno sobre a TDT e procede a dar lectura ao seguinte escrito remitido pola Xunta:

“Estimado Alcalde: A Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria asinaron, no Nadal do 2008, un Convenio Marco de Colaboración para o desenvolvemento do Plan Nacional de Televisión Dixital Terrestre en Galicia, e no que, entre outras cousas, se pretende substituír os máis de 500 equipos microemisores rurais de televisión analóxica, de pequena potencia, instalados no seu día pola Xunta de Galicia, os Concellos e as Deputacións, por outros adaptados a tecnoloxía dixital TDT, financiando, a partes iguais entre a Xunta e o Estado, os investimentos necesarios relativos os custos deses novos emisores.

O obxectivo da Xunta de Galicia é acadar o maior número posible de cidadáns con cobertura da sinal de TDT, chegando ata o 98% da poboación de Galicia, grazas a un plano de despregamento da TDT, en coordinación co operador público Retegal, para a dixitalización destes microemisores rurais.

Segundo o Plan Nacional de Transición a TDT, o Concello de Foz, pertence á Área Técnica de PÁRAMO, que ten fixada como data límite de emisión en analóxico o 3 de Abril de 2010.

Con todo isto, segundo os datos dos que dispoñemos, no Concello de Foz existe unha cobertura de máis do 98,02 % da poboación municipal, quedando 196 veciños sen sinal de TDT. Tamen sabemos que nese Concello hai instalados 8 microemisores analóxicos censados no seu día pola Xunta de Galicia.

Tamén che informo que para toda a poboación que finalmente quede en zona de sombra da TDT, está previsto que poidan acceder a un servizo de Televisión Dixital Terrestre a través de satélite.

Por todo elo solicitamos a colaboración do Concello, para a realización das instalacións e comprobacións necesarias no despregamento da TDT. Tal e como se fixo sempre, o Concello debe encargarse de facilitar a adecuación das infraestruturas (dispoñibilidades de terreos, viabilidade dos emprazamentos) así como tamén facilitar a ancoraxe dos novos equipos de telecomunicacións nos postes xa existentes, ou a instalación de novos postes se fose necesario, así como o subministro enerxético.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A nosa intención é seguir mantendo unha plena coordinación coa Fegamp, as deputacións, e os concellos, polo que comezaremos xa neste mes de agosto as visitas aos concellos (que anunciaremos oportunamente), e no mes de setembro manteremos unha serie de xuntanzas cos alcaldes. Nasas visitas e xuntanzas entregaremos un convenio a través do cal se materializará esta colaboración.

Estamos seguros de que eres consciente de que a Xunta quere cumprir os prazos e ter informada á poboación, así como garantir a tódolos galegos que disporán de TDT.

Sabedes tamén que estamos á vosa plena disposición, tanto na Secretaría de Medios, como a través das delegacións da Xunta, na empresa pública Retegal, e especialmente a través da Oficina Técnica da TDT en Galicia, no teléfono 981572154, e a páxina Web www.tdtgalicia.es”.

Continúa dicindo o Sr. Cancio que se vai ter unha reunión cos Alcaldes para fixar a estratexia a seguir, e xa se fixeron as xestións para trasladar o reemisor na parroquia de Nois á zona do centro social, porque non daba o rendemento adecuado e o reemisor de San Martiño se vai reubicar na zona do cemiterio. Respecto ao BOAL di que está funcionando perfectamente, segundo os técnicos. Prosegue dicindo que se está aconsellando aos veciños que antes de dar traslado de que teñen problemas que revisen a recepción das antenas.

O portavoz do BNG di que no tema do BOAL non sabe se todo o mundo poderá recibir por Cornería.

O Sr. Cancio di que se recibe por Cornería e por Asturias.

O Sr. Basanta manifesta que tamén en analóxico hai problemas.

O Sr. Cancio contéstalle que iso vai desaparecer xa, así que o mellor é que o cambien.

Replica o Sr. Basanta que ata o 3 de abril deberían funcionar as dúas.

Finalmente o Sr. Cancio engade que que mais lle da á xente cambiar xa agora.

PREGUNTAS:

O PP realiza as seguintes preguntas:

1) A pista polideportiva de San Martiño, ¿cando vai estar lista para o uso e disfrute dos veciños?

O Sr. Alcalde di que xa está lista.

A Sra. Alonso matiza que falta colocar unha rede para que non escape a pelota.

2) ¿Se vai limpar a área recreativa de Ferreira-San Martiño, que parece que está abandonada?

O Sr. Alcalde responde que non está abandonada, se non que é do Concello, se ten herba alta é porque aínda non chegaron os xardiñeiros alí.

3) En Fazouro, ao lado da casa do Carmelo, tirou un coche un poste, ¿en qué situación está o tema co seguro?

Contesta o Sr. Fernández Marful que se está pendente de que o arranxe o seguro do coche.

O BNG realiza as seguintes preguntas:

1) ¿A que espera para abrir a Escola Obradoiro?

O Sr. Alcalde di que cando a Xunta o mande.

O Sr. Basanta pregunta se está concedida.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde responde que mande as bases de selección para que se reúna a Comisión.

2) ¿Núñez Feijoo lle dixo cando abrirán a Galescola?

O Sr. Alcalde lle di que lle mandou a carta ao Sr. Feijoo pero non houbo ningunha contestación da Xunta, houbo unha chamada, pero o Concello cedeu o edificio e a maiores puxo 80.000 € e agora se está perdendo censo porque non cumpriron co asinado.

3) Están poñendo beirarrúas na Rúa do Cemiterio, ¿vai quedar esa anchura á altura do parque?

O Sr. Alcalde contesta que ata que non se aprobe o Plan Xeral non se pode ampliar a rúa, e agora os promotores deben cumprir coa norma urbanística.

4) Para vostede ¿a ética debe rexer a política?

O Sr. Alcalde responde que na política sempre debe rexer a ética, e cree que rexeu en todo momento a ética, e non son donos dos cidadáns, o cidadán é libre e igual, o di a Constitución, e cando hai un acto democrático axustado a Dereito, para el é correcto.

O Sr. Basanta lle pregunta ao Sr. Alcaldes se entón a ética para el non rexe.

O Sr. Alcalde lle di que para el a ética si, e lle podería dicir moitos cargos do BNG onde traballaban home e muller.

O Sr. Basanta lle replica que para o seu grupo a ética si ten importancia na política, e en toda actuación política debe rexer a ética. No Concello houbo prazas que se aprobaron cunhas funcións determinadas e que despois fixeron outras, por exemplo, houbo xente contratada de pintor que despois estivo recollendo o lixo, e aclara que non ten nada persoal.

O Sr. Alcalde lle contesta ao portavoz do BNG que el non sabe o que é o Concello, porque el estivo baldeando na movida este verán e o outro, porque non chegaba o persoal, e se hai un pintor e xurde un problema coma un incendio o un problema nunha rúa e o encargado o chama e el quere ir de boa fe, porque somos un Concello que presta un servizo ao cidadán, que problema hai.

O Sr. Basanta di que á hora de valorar nunhas bases é totalmente manipulable, por exemplo o da bolsa de emprego, porque o tema da puntuación da baremación nunhas bases é manipulable.

O Sr. Alcalde lle di que el non puxo ningún baremo de bases, iso o puxo a Secretaria, e di que lle está dicindo a verdade, o único que engadiu ás bases foi os coñecementos que tiña que ter un Oficial de 1º de Obras. Lle recorda que xa se acordara no Pleno que se fixeran unhas bases por tódolos grupos políticos e que está esperando por esas bases.

O Sr. Cancio di que, no tema concreto, si non lle gustaban as bases podían impugnalas e tampouco acudiron as probas, só protestan dunhas bases e non das outras, sendo as dúas iguais. E lle pregunta ao Sr. Basanta se sabe a puntuación que sacou esa persoa en cuestión na fase de concurso.

O Sr. Basanta di que non.

Engade o Sr. Cancio que foi un dos menos puntuados na fase de concurso, foi na fase de oposición onde sacou mais nota. Finaliza a súa intervención dicindo que lle gustaría que o BNG lese en Pleno as bases que sacou o Concello de Ribadeo para o conservatorio, nas que puntuaba coma mérito estar empregado no Concello de Ribadeo.

O Sr. Alcalde para finalizar o debate, pide que conste en acta que insta aos tres portavoces dos grupos municipais a que se poñan de acordo coas bases, que as redacten, e que despois se informen pola Secretaria da Corporación.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22:00 horas do día 17 de setembro de 2009, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.

